



## **PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES) CONCELLO DE SANTA COMBA**

Este proxecto foi financiado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Un dos problemas ambientais primordiais ós que se enfrenta a nosa sociedade na actualidade é a loita contra o cambio climático. A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes ( Covenant of Mayors ), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, que tiña como meta aumentar a eficiencia enerxética nun 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20 % e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro un 20 % para o ano 2020.

A partir o éxito do pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors ´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía ( Covenant of Mayors for Climate & Energy ), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das

cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO<sub>2</sub> no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

**Deste xeito, o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en , polo menos, o 40 % a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando pola súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a el, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sustentable e alcanzable.**

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible ( PACES ), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe un inventario de referencia de emisións ( IRE ) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático. Ademáis cada dous anos deberá presentarse un informe de seguimento do PACES.

**O Concello de Santa Comba adheriuse ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sostible (a día de hoxe chamado Pacto das Alcaldías) o 25 de xaneiro de 2019.**

Con data 2 de setembro de 2020, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático notificou a este concello a concesión dunha axuda de 6.000,00 euros para a elaboración do PACES.

**O Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible ( PACES ) foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en data 28 de outubro de 2020. En data 19 de novembro de 2020 o PACES foi subido a plataforma europea do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sostible.**